





# FERVENZAS DO CURANTES

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** A Estrada- A Pousada: 13 km  
A Pé: 4 km

**Dificultade:** baixa  
**Duración:** 3 horas



Un percorrido polo río Curantes, un afluente do Liñares (Ulla) que nace nos montes de San Sebastián e percorre parte do concello da Estrada.

## 1-Pozo do Maimón

No lugar de A Pousada, na parroquia de Curantes (A Estrada). O río Curantes, chamado nesta zona rego dos Muíños, forma dúas fervezas en rochas graníticas de 5 e 7 m que rematan en pozas de bo tamaño. A zona está aproveitada con varios muíños.

### COMO CHEGAR:

Na N-640 da Estrada a Silleda, a uns 8 km, en Pena do Foxo cóllese o cruce que indica Curanste e Olives e séguese ata A Pousada (guiados pola indicación do pazo da Nugalla). Á dereita do pazo séguese un carreiro que baixa ata o río (500 m aproximadamente).



## 2-Picho de Curantes ou Picho da Fervenza

No río Curantes na parroquia de Rubín (A Estrada). Entre Rubín e Cereixo baixa un gran desnivel en rochas graníticas con dous saltos grandes, varios saltos pequenos e numerosos rápidos.

O percorrido vai por un bosque de ribeira de gran beleza e con distintos tipos de muíños (de roda vertical e horizontal) e unha antiga carpintería, en mal estado de conservación.

### COMO CHEGAR:

Na N-640 da Estrada a Silleda, a uns 3 km, en Cimadevila (Callobre) séguese a estrada vella nunha curva e cóllese a terceira pista que sae pola dereita e chega a unha carpintería e a un antigo serradoiro hidráulico onde se deixa o coche. Desde alí báixase por un carreiro á primeira fervenza. Pódese facer unha ruta circular seguindo o río (que hai que cruzar varias veces) que remata na parte alta da fervenza de Valiñas.



Picho da Fervenza



## 3-Valiñas

Ten uns 10 m de altura en forma de tobogán.

### COMO CHEGAR:

Para ir á parte baixa desta fervenza séguese pola pista de terra que hai á dereita (fronte á carpintería) ata chegar á ponte que cruza o río. Logo hai que ir por un carreiro de moita dificultade pola marxe dereita e pódese baixar á fervenza grande e outra que hai un pouco máis abaixo.



Fervenza de Valiñas